

# 1 Fontes tipográficas


Nesta sección estudaranse as fontes tipográficas. En Gnu/Linux a xestión de fontes é moi sinxela.

## 1.1 Sumario

- 1 Introducción
- 2 Ubicación das fontes
- 3 Instalación de fontes de Microsoft
- 4 Instalar unha fonte manualmente
  - ◆ 4.1 Fonte de código de barras: barcode
  - ◆ 4.2 Fonte de Gallaecia de Alberto Varela Ferreiro
- 5 Instalar máis fontes
- 6 Webs para descargar fontes


## 1.2 Introducción

No procesador de textos pódense observar as fontes instaladas por defecto no sistema. Pero ao mellor bótase de menos a fonte Arial, Verdana, Times New Roman, etc.



## 1.3 Ubicación das fontes


As fontes están no directorio `/usr/share/fonts`.




## 1.4 Instalación de fontes de Microsoft

Para instalar as fontes Arial, Times New Roman, Comic Sans, Verdana, etc. hai que instalar o paquete: **ttf-mscorefonts-installer**.

- Instalar fontes de Microsoft



Se intentamos instalar este paquete co *Centro de Software de Ubuntu*, deberíamos poder facelo (e en versións anteriores de Ubuntu funcionaba correctamente), pero...




seguramente vexamos que a aplicación se queda bloqueada na instalación e non remata de instalar o paquete. Isto é debido a que para a instalación do paquete o usuario ten que acepta unha licenza de uso, e a aplicación do *Centro de Software* non nos está mostrando correctamente a licenza para que a poidamos aceptar. Polo tanto, imos instalar o paquete de outra maneira.




Abrimos un terminal e executamos o comando **sudo apt-get install ttf-mscorefonts-installer**. Este comando equivale a instalar ese paquete co *Centro de Software de Ubuntu*.




Agora si que vemos a licenza de uso das fontes tipográficas do paquete, que teremos que aceptar.



Aceptamos a licenza.



Aquí vemos a finalización da execución do comando de instalación do paquete con éxito.



Na carpeta `/usr/share/fonts/truetype/msttcorefonts` están as fontes descargadas e listas para usar en calquera aplicación.

## 1.5 Instalar unha fonte manualmente

Primeiro hai que facerse coa fonte (pódese extraer de MS Windows, buscar por internet, etc).


## 1.5.1 Fonte de códigos de barras: barcode

Neste caso vaise instalar unha fonte que permita xerar códigos de barras.


- Instalar a fonte Barcode



Descargar a fonte **Barcode** de <http://www.fontreactor.com/foundries/anke-art/barcode-font>.



Descomprimila...




Abrir a carpeta **fonts** como **root** (*sudo nautilus*) e arrastrar o ficheiro da fonte a **/usr/share/fonts**.


## 1.5.2 Fonte de Galiaecia de Alberto Varela Ferreiro

Igual que antes, conectarse a seguinte páxina: <http://www.dafont.com/gallaecia.font>, descargar a fonte Gallaecia.

- Instalar a fonte Gallaecia



Neste caso para variar un pouco, creamos en **fonts** unha carpeta chamada **galegas** e a aí arrastramos a fonte baixada. Podemos crear as carpetas que queiramos para organizar as fontes que engadimos no sistema.



Captura do procesador de texto de LibreOffice.org usándose as fontes **Times New Roman**, **Verdana**, **barcode** e **Gallaecia**.


## 1.6 Instalar máis fontes

Xa para ir rematando, vanse instalar varios paquetes que conteñen diversas fontes.


- Fontes variadas




O Centro de Software de Ubuntu inclúe un apartado de **Tipos de letra** onde podemos atopar todos os paquetes relacionados coas fontes.



Aquí vese os paquetes deste apartado. Instálanse os paquetes: *fonts-dustin*, *tff-georgewilliams*, *fonts-konatu*, *fonts-larabie-deco*, *fonts-larabie-straight*, *fonts-larabie-uncommon*, *fonts-sil-gentium*, *tff-sjfonts* (Tamén se poden coller outros, a gusto do usuario).



Observar en que subcarpetas de **fonts** se están a copiar as fontes.



Un exemplo das novas fontes que se teñen.

## 1.7 Webs para descargar fontes

Existen moitas webs das que poder descargar fontes, aquí menciónanse uns exemplos:

- [www.publispain.com/superfuentes](http://www.publispain.com/superfuentes)
- [www.myfonts.com](http://www.myfonts.com)
- [www.dafont.com](http://www.dafont.com)

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez